

O despexo da gaiola (Batallas-Clara Gayo)

No acto inaugural deste parágrafo, gustaríame aclarar que eu en ningún momento tiven a consciencia de tomar este camiño. Son o mero resultado dunha combinación de variantes, o cal non me incomoda en absoluto, dito sexa de paso. Tampouco creo que a ninguén que afirme ter elixido o camiño no que está e que diga que é xusto o que sempre quixo ser. E cando digo “ser”, non me estou a referir ás súas actividades, por suposto. Ese é, ao meu entender, o máis flagrante erro: pensar que polos nosos actos nos coñecerán. Non che vai coñecer nin *dios*, *colega*.

Eu agora sento a mirar como os paxaros constrúen os seus niños.

Chamo á nena e dígolle que sente comigo a mirar. “Ves?” dígolle, “somos dúas persoas respirando, sentadas, sorrindo, mirando como os paxaros sempre atopan un ramallo”. Dígolle que traia todas as súas cousas e que eu traerei as miñas, que faremos un montón moi grande e deixáremolo aquí no medio, para que as nosas cousas sexan ramallos para outras persoas.